

A NUESTROS AMIGOS 1516

Adrián Orr, 2024

ESTREA EN NUMAX: 05.05.2025 | V.O. | +12 | 90 min

Sara comparte o seu día a día con Pedro e o seu grupo de amizades do barrio. Ao longo do verán, mentres remata os exames de acceso á universidade, coñece a Paula e fai novas amizades que a introducen no mundo do teatro. Pouco a pouco vaise afastando do seu entorno e de aquelas amigas que pensaba que durarían para sempre. En medio desta espiral de amor, festas e descubrimento, atrapada entre dúas realidades diferentes, deberá decidir quen quere ser.

«Impecable retrato da xuventude urbana actual. Poucos filmes recentes entenderon e plasmaron tan ben a identidade da xeración Z»

Rubén Romero, CINEMANÍA



Entrevista con Adrián Orr:

«Como dicía Ernaux, aínda que gañes o Nobel nunca deixas de ter os valores do lugar no que te criaches»

Por Rubén Romero

A película segue a vida de Sara Toledo durante catro anos. Como deches con ela? Nunha representación de "Future Lovers", unha obra de teatro da compañía La Tristura. Tiña un monólogo que, para ser unha moza na súa primeira adolescencia, defendía cunha normalidade abraiante. Ademais da técnica tiña carisma: dentro da compañía era a única moza mulata e a que tiña unha forma de falar máis de barrio. Conectamos enseguida porque eu me criei nunha contorna parecida. Despois había algo que tiña que ver coa súa enerxía. Non só quería cambiar cousas, senón facelo de forma colectiva. Falaba de cousas políticas sen sequera ser consciente de que falaba de cousas políticas. Esa enerxía da primeira adolescencia era o que quería compartir co espectador. Recoñecíame no seu momento vital: non sabe que quere, nin cal é o camiño, pero si tiña a intuición e a enerxía.

É curioso, porque un diría que a película é un retrato dunha xeración, a Z, que está moi afastada de ti... Para min era fundamental representarllos e representarnos. Cando escribimos a película, Celso (Giménez, coguionista) sempre dicía que Sara e eu temos moitas cousas en común. Pasamos por un proceso parecido de desclasamento vía teatro ou universidade.

A representación da clase social, de novo, é fundamental, como ocurría en Niñato (2017)... Si, é o estar entre dous mundos e dúas clases sociais. Líallo hai pouco á escritora Annie Ernaux: nunca deixas de ser nin de ter os valores do lugar no que te criaches, aínda que gañes o Nobel. Eu, por exemplo, uso o cinema para volver falar-me cos amigos do meu barrio.

Dirías que Sara quere saír do seu barrio a través da arte? Sara non quere fuxir do barrio como tal, senón que quere outra cousa que o barrio non lle está dando nese momento. É unha reconciliación e unha despedida á vez. Neste sentido, Violeta Gil, de La Tristura, recomendoume ler non só a Annie Ernaux, senón tamén Regreso a Reims, de Didier Eribon. Son lecturas que nos viñeron moi ben para preparar a película tanto a min como a Celso e Samuel (M. Delgado, terceiro guionista), porque son libros que falan desde a primeira persoa este proceso de distanciamento, que no cinema non se tocou tanto, pero si na literatura.

A pregunta fundamental: en que xénero cres que hai que incluír o filme?

Documental ficcionado? Ficción documental? Non me sinto moi cómodo coas etiquetas. Hai moita xente que se pensa que todo é documental, a pesar de que aquí hai moito menos que en Niñato. Ás veces creo que hai cousas do traballo de creación das miñas películas que non se entenden moi ben porque, aínda que parecen moi sinxelas e directas, detrás diso hai moitísimas horas de pensar, de escritura, de montaxe, de como encadrar, de como buscar a luz... De como facer das nosas carencias, virtudes. O das etiquetas cústame moito. A película propón un xogo entre a realidade e a ficción, porque así é a obra de teatro da que parte. Iso dábanos pé a crear un relato case de ciencia ficción.

Como experto na xeración Z, que te sorprendeu deles? Que che ensinaron? Diría que a liberdade de poder dicir quérote, ou de chorar e abrazar unha persoa. Iso é algo que, a min, polo menos, non me ensinaron, porque se consideraba unha mostra de debilidade. Están mellor educados emocionalmente. Sara e os seus amigos pasaron páxina deses prexuízos. Na película, ela aprende a dicir quérote. E iso é algo que todos temos que facer.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Regreso a Reims,
Didier Eribon.
Libros del Zorzal, 2017